

Con motivo do **XXV ANIVERSARIO DO XELMÍREZ II** tivemos como convidados especiais o Conselleiro de Educación e mais o Inspector de Educación. Así que aproveitamos para lles facer unha entrevista. Tiñamos o prexuízo de que ían mostrarse distantes, ser persoas máis pechadas pero ocorreu todo o contrario, mantivemos unha breve entrevista mais moi amena. O conselleiro falábanos de ti a ti, sen facelo dende o posto que representa. Do mesmo xeito que o fixo o inspector.

### **Entrevista ao Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez Abad**

#### **1. Cal é a súa titulación académica?**

Son licenciado en ciencias empresariais e posteriormente fixen o doutoramento.

#### **2. Cal foi a súa impresión do noso centro**

Foi moi positiva. Xa viña con moi boas perspectivas.

#### **3. Sempre tivo vocación de Conselleiro?**

Dende que era un adolescente tiña intención de formar parte dun partido político aínda que nunca esperei chegar a ser Conselleiro de Educación.

#### **4. Estudou nun colexio público ou privado?**

Sempre público, mesmo os estudos superiores. Fixen a carreira de Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade de Santiago aínda que fixen un curso na Universidade de Vigo. O doutoramento en Ciencias Económicas e Empresariais fíxeno na Universidade de Vigo.

### **Entrevista ao inspector Manuel Guerra**

#### **1. Cal é a súa titulación académica?**

Son licenciado en Humanidades e diplomado en turismo.

#### **2. Cal foi a súa impresión do centro?**

A impresión do centro foi moi boa. O instituto fai moito polo alumnado e a relación entre o profesorado e o alumnado parece boa.

#### **3. Sempre tivo o obxectivo de ser inspector?**

Non. Eu traballei moitos anos como profesor de hostalería nun centro de Formación Profesional e alí estaba a gusto pero presentouseme a posibilidade de ser inspector e non o dubidei. Hai que aproveitar as oportunidades que se che presentan.

Antes a carreira que estudabas era o que ías ser o resto da túa vida pero agora, nesta sociedade, non importa o que estudes senón a capacidade de aprender rápido que é o que valoran as empresas e tamén hai que estar a gusto no teu posto de traballo.

Como xa dixen, á hora de escoller unha carreira tes que elixir o que che guste porque vós tedes que ter presente que as empresas buscan xente que se adapte aos cambios “hai que aprender a aprender”

#### **4. Vostede, que visitou moitos centros, podería dicirnos cal é a súa impresión deste centro comparada con outros de Galicia?**

Este centro está ben. O que máis me sorprende foi a boa relación entre o alumnado e o profesorado. O clima é como nos outros centros pero algo diferente xa que parte do profesorado está ilusionado e preocupado polo alumnado.

-----

Estas son as impresións do Conselleiro e mais do Inspector que recolleemos para a nosa revista.